

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, acordou con data do **26.08.2019**, o seguinte acordo:

“Os Consellos Municipais de Muller, garanten a plena participación das mulleres na vida cidadana, política, económica, social e cultural. Son espazos para o exercicio da democracia participativa e activa, e unha canle de interlocución entre as mulleres e a administración local, polo que o seu valor e importancia son inestimables no desenvolvemento da política local.

Por tal motivo, traballouse na elaboración dun Regulamento para a creación dun Consello Sectorial de Igualdade e Muller, que o Concello Pleno aprobou na sesión celebrada o día 27 de setembro de 2018

O texto definitivo publicouse integramente no BOP do 6 de febreiro de 2019.

Co obxecto de constituír o Consello Sectorial de Igualdade e Muller e facilitar a participación de entidades e asociación da localidade, é necesario abrir un prazo para solicitar formar parte do novo Consello Sectorial.

Polo exposto, propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte:

- Abrir un prazo para solicitar formar parte do Consello Sectorial de Igualdade e Muller, dende o 27 de agosto ao 13 de setembro.
- Aprobar a publicación desta convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na páxina web (www.ferrol.gal/Sede electrónica/Taboleiro de anuncios) do Concello de Ferrol.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral